



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CIRCULAR 12/2011

(Modificada a 1 de marzo do 2011) Sinalanse os cambios en vermello

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os adestradores, clubs e atletas

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO DE 10.000 M EN PISTA

AIRE LIBRE E DAS CATEGORÍAS JUNIOR E PROMESA

Domingo 13 de marzo de 2011

Pistas de atletismo do Concello de Noia

Art.1) O día 13 de marzo celebrarase o Campionato Galego absoluto de 10.000 m e das categorías junior e promesa na pista de atletismo do Concello de Noia. O evento está organizado pola Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Santiago, coa colaboración do Concello de Noia.

Art.2) Poderán intervir todos os atletas das categorías junior, promesa e senior ou veteranos que cumpran os requisitos do artigo 6 e algunha das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2010/11) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema on-line (www.atletismogalego.org) como data límite o **martes día 8 de marzo**, ás 20,00 horas.

Art.4) Os atletas, deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo de cada proba. Unha vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5) Os tres primeiros atletas da clasificación absoluta e das categorías junior e promesa recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Según acordo de Asemblea para optar a medalla os atletas estranxeiros deben cumprir as seguintes condicións:

- a. Ter ficha por un club galego a lo menos nas tres últimas tempadas (incluída a actual).
- b. Estar censados nalgún concello de Galicia.
- c. Ter licencia pola FGA.

Art.6) Poderán participar tódolos-as atletas clasificados entre os 15 primeiros no campionato galego absoluto de campo a través (2011) e os 8 primeiros-as das categorías junior e promesa. Tamén poderán tomar parte os 8 primeiros-as do ranking absoluto (2009-2010) nas distancias de 5000m, 10000m, 10 km ruta ou ½ maratón.

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

No caso de non haber suficientes atletas inscritos que cumpran os requisitos de participación aceptaranse ata 20 atletas dos inscritos, tendo en conta a clasificación no último campionato galego de campo a través e a marca acreditada na distancia.

Art. 7). Horario da competición

12:00 horas 10.000 Mulleres
13:00 horas 10.000 Homes

Art.8). Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)
A Coruña, a 14 de febreiro do 2011

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR

